

ANEXO A PROGRAMACIÓN:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA
CURSO: 6º DE GRAO ELEMENTAL
MATERIA: ITINERARIO DE PEDAGOXÍA
DEPARTAMENTO: LINGUAXE MUSICAL
DATA: 06/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Mínimos esixibles.**
2. **Procedementos de avaliación e cualificación.**
3. **Criterios de cualificación.**
4. **Instrumentos de avaliación.**
5. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
6. **Información e publicidade.**

Dada a situación de excepcionalidade que estamos a vivir e, en cumprimento das *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*; publicamos os seguintes contidos mínimos que se avaliarán, de ser necesario, para a obtención da cualificación final do curso 2019/2020, segundo os criterios de avaliación e cualificación que figuran no presente anexo.

Devanditos contidos mínimos se corresponden co recollido na programación vixente para o segundo trimestre.

1) Mínimos esixibles.

Para poder superar a materia de Itinerario de Pedagogía neste curso, terán que realizarse alomenos o 50% das actividades de entrega plantexadas nos dous primeiros trimestres, así como alomenos un dos dous traballos finais de avaliación.

2) Procedementos de avaliación e cualificación.

Será tida en conta a observación sistemática na aula e dos traballos realizados e expostos en clase, se fose o caso, ou de forma telemática durante os días de confinamento:

- Lectura e reflexión dos documentos de traballo
- Exposición e desenvolvemento dunha práctica didáctica a partir da elección de recursos e estratexias propias dunha metodoloxía concreta.
- Reflexións conxuntas a partir das aportacións individuais.
- Creación de materiais didácticos e avaliación destes.

3) Criterios de cualificación.

A nota final será una cualificación numérica do 1 a 10, sen decimais, e calcularase a partir da nota media dos distintos traballos e actividades plantexados ao longo do curso. Para superar a materia, os alumnos terán que obter unha nota final igual ou superior a 5. Os alumnos que non superaran a materia na convocatoria de xuño poderán presentarse ao exame de setembro. As actividades adicionais plantexadas no confinamento poderán aumentar a calificación ata un máximo de 2 puntos con respecto da avaliación anterior.

Os criterios de avaliación que se terán en conta serán:

- Amosar o coñecemento dos principios pedagóxicos do ensino musical.
- Amosar o coñecemento dos métodos e sistemas actuais da pedagogía musical, así como as súas aplicacións máis frecuentes.
- Expoñer temas de música, faceendo uso de recursos didácticos e materiais de novas tecnoloxías.
- Demostrar o coñecemento dos conceptos do currículo, dos elementos básicos e da súa concreción curricular.

Como sulían as Instrucións do 27 de abril de 2020, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial, so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado. Polo tanto, a cualificación final do alumnado non poderá ser inferior á obtida no segundo trimestre.

Os alumnos aprobados no segundo trimestre non poderán ser examinados. A súa cualificación final será, polo menos, a obtida no segundo trimestre. Poderá subirse a nota ata un máximo de 2 puntos en función da participación e o progreso observado polo profesor nas tarefas propostas telemáticamente durante o periodo de confinamento.

Os alumnos suspensos no segundo trimestre poden ser convocados a exame ou ser aprobados en función, igualmente, do progreso observado polo profesor nas tarefas propostas telemáticamente durante o periodo de confinamento. De ser convocados a exame, igualmente poderáselles sumar ata un máximo de 2 puntos polos traballos realizados.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 4	CENTRO: CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA CURSO: 6ºGP MATERIA: ITINERARIO DE PEDAGOXÍA
--	---------------	---

4) Instrumentos de avaliación.

Os instrumentos para a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe neste terceiro trimestre serán os seguintes:

- Diario de aula
- Rúbricas para indicar o grao de realización das actividades plantexadas
- Actividades autoavaliáveis
- Exame*

* O alumnado que non realizou os traballos mínimos requeridos realizará una proba específica que consistirá nun exame, ademáis da entrega das actividades e traballos correspondentes.

5) Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)

Na terceira avaliación, do mesmo xeito que durante o resto do curso, o contacto co alumnado realízase a través da plataforma CentrosNet e por medio de correo electrónico, tendo expostas as actividades plantexadas a través de Google Drive. Por este medio realízanse os traballos de recuperación así como a entrega de material non entregado previamente.

6) Información e publicidade.

A modificación da programación achegarase á inspección educativa, ás familias a través de CentrosNet e correo electrónico e publicarase na páxina web do centro.